

Informe sobre aplicación do artigo 39.d) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, condicións de posición e implantación. Recuamento esixible a centro de transformación en solo rústico (Concello de Ponte Caldelas-Expediente XCP-22/011).

ANTECEDENTES

1.- O 24.05.2022 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/1376078) oficio do Concello de Ponte Caldelas no que solicita a esta Xunta Consultiva que fixe un criterio interpretativo sobre aplicación do art. 39.d) da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)*, de condicións de posición e implantación, en conexión co artigo 143 do *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA)*.

2.- No escrito de consulta, expónse a seguinte pregunta:

"[...] Do anteriormente exposto, a presente consulta fórmulase en relación a que recuamento sería esixible a unha instalación (centro de transformación) localizada en solo rústico de especial protección de infraestruturas, a establecida na LSG de 5m ou ben a do PBA de 3m.

Por outra banda, se o recuamento aplicable é o da LSG por primar a lei, ¿en que casos sería aplicable o disposto no artigo 143 da PBA?

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Ponte Caldelas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente o 12.02.1993, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 205 do 25.10.1993.

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, de 10 febreiro, do solo de Galicia, relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento sinala no seu apartado segundo que:

"2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



[...]

d) *Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicáraselle o disposto neste lei para o solo rústico.*

Logo, neste concello decae no solo rústico a vixencia do planeamento xeral e opera integramente o réxime da Lei e do seu regulamento.

TERCEIRA.- O réxime xurídico do solo rústico regúlase nos artigos 31 a 40 da LSG e nos artigos 45 a 63 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

En concreto, o art. 39.d) da LSG establece que:

"[...] Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros".

Pola súa banda, o artigo 61.5 do RLSG sinala:

"[...] 5. Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros. As instalacións de invernadoiros con destino exclusivo a uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non terán a consideración de construcións para os efectos do previsto neste punto."

En definitiva, en solo rústico aplícase o réxime previsto na LSG e no seu regulamento; nomeadamente, no referido aos recuamentos das construcións aos lindes das parcelas, non poderán ser inferiores a 5 metros.

CUARTA.- Dacordo co establecido no artigo 8 do PBA este terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista e, en virtude deste carácter, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso de poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

En canto á aplicación supletoria do sinalado no Capítulo V do Título V do PBA, que recolle a Ordenanza reguladora do solo destinado a infraestruturas de redes de servizo, e no que se inclúe, entre outros, o artigo 143 do PBA, deben facerse as seguintes precisións.

Dacordo co establecido no artigo 136 do PBA o ámbito de aplicación da mesma comprende os terreos onde se sitúen redes, instalacións e espazos asociados, destinadas á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral.

Segundo o establecido no artigo 42 da LSG o plan xeral deberá prever, xustificadamente, as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais, ao servizo de todo o termo municipal e o cualificará como dotacional.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Será polo tanto nos solos reservados polo planeamento para a implantación dos servizos xerais, nos que, de non contar con regulación específica no planeamento sobre condicións de edificación en dito solo, podería aplicarse supletoriamente a Ordenanza reguladora do solo destinado a infraestruturas de redes de servizo e, en concreto, o artigo 143 do PBA.

CONCLUSIÓN

1.- Ao solo rústico do Concello de Ponte Caldelas aplicaráselle o réxime do solo rústico da LSG e do RLSG.

2.- As condicións de posición e implantación para as edificacións, neste caso concreto dun centro de transformación, a realizar en solo rústico, virán determinadas polo que establece a Lei do solo de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento, e polo que atinxe aos recuamentos, en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros (art. 39.d) LSG e 61.5 RLSG).

3.- A previsión contida no artigo 143 do PBA, que está dentro da Ordenanza reguladora do solo destinado a infraestruturas de redes de servizos, sobre exigencia de recuamento de 3 metros a lindeiros e 5 metros a aliñacións, será de aplicación supletoria aos solos que teñan as características establecidas no ámbito de aplicación desa ordenanza e que o planeamento determine como reservas de solo para sistemas xerais, e o plan xeral de ordenación municipal non estableza as condicións de edificación concretas a aplicar en dito solo.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.”

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

